



DATOS IDENTIFICATIVOS

Programación e guía de itinerarios turísticos

Materia	Programación e guía de itinerarios turísticos			
Código	O04G240V01909			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Patiño Romarís, Carlos Alberto			
Profesorado	Patiño Romarís, Carlos Alberto			
Correo-e	carlosalberto.patino@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento dos conceptos, planificación e tipoloxía dos itinerarios turísticos. Bases metodolóxicas e deseño das rutas. Avaliación do territorio e dos seus recursos turísticos. Análisis da explotación turística do Patrimonio Cultural e natural. Rutas e itinerarios turísticos en diversas escalas.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
C3	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos recursos naturais, culturais e patrimoniais relacionados coa actividade turística.
C4	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das diferentes manifestacións antropolóxicas, culturais e sociais que incentivan a actividade turística.
C9	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das técnicas básicas de investigación e prospectiva en materia turística.
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
C15	Orientación do servizo ao cliente
D2	Compromiso ético

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Destreza na selección e tratamento dos datos significativos para o deseño e posta en valor dos itinerarios turísticos, co uso de técnicas cualitativas e cuantitativas	A2	B8	C9	D2
	A3			

Adquisición de habilidades para analizar e interpretar os diversos recursos cara a programación dos itinerarios tendo en conta os impactos do turismo	A5	B3 B9	C4 C9 C10	D2
Coñecemento e comprensión das funcións e dos procedementos da guía dos itinerarios turísticos.	A1 A4	B3	C3 C4 C15	D2
Presentación e defensa de traballos e/ou proxectos nun senso ambiental e sociocultural, valorando os usuarios do produto turístico	A4	B7 B8 B9	C9 C15	D2

Contidos

Tema

1. Fundamentos teórico-prácticos	1.1 Marco conceptual 1.2 Aplicacións operativas
2. Diagnose territorial	2.1 Avaliación dos recursos turísticos 2.2 Integración nos itinerarios
3. Organización e promoción	3.1 Referentes no diseño dos itinerarios 3.2 Formatos da presentación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	1	4
Lección maxistral	10	15	25
Estudo de casos	5	10	15
Traballo tutelado	12	20	32
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	25	25
Eventos científicos	4	2	6
Seminario	4	2	6
Exame de preguntas obxectivas	4	20	24
Traballo	3	10	13

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e prácticas. Presentación das directrices dos estudos de caso a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de maneira autónoma.
Eventos científicos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por poñentes de prestixio, que permiten aprofundar ou complementar os contidos da materia.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Preparar as sesións na aula e o laboratorio de informática da Facultade como no Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Traballo tutelado	Realizar seguimento e avaliación do traballo, tanto do proceso como do resultado final, no laboratorio de informática da Facultade, Campus Remoto (enlace en FaiTic) e correo electrónico.

Actividades introductorias	Actividades informarán o respecto dos coñecementos do alumnado. Comunicar ao alumnado o desenvolvemento da materia na aula e o laboratorio de informática da Facultade como no Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Estudo de casos	Corrixir e proporcionar feedback ao alumnado sobre o proceso e os resultados das actividades propostas na aula e o laboratorio de informática da Facultade como no Campus Remoto (enlace en FaiTic).

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Estudo de casos	Análise e debate das alternativas nos casos presentados. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Adquisición de habilidades para analizar e interpretar os diversos recursos cara a programación dos itinerarios tendo en conta os impactos do turismo; e Coñecemento e comprensión das funcións e dos procedementos da guía dos itinerarios turísticos.	10	A1 A3 A4 A5	B3 B9 C3 C4 C9 C10 C15
Exame de preguntas obxectivas	O alumnado realizará dúas probas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da orixe e significado dos itinerarios turísticos na secuencia diacrónica e sincrónica, razoando os aspectos básicos e as interaccións na programación deles e Adquisición de habilidades para analizar e interpretar os diversos recursos cara a programación dos itinerarios tendo en conta os impactos do turismo.	60	A1 A3 A5	B3 B8 B9 C3 C4 C9 C10
Traballo	O alumnado elaborará, presentará e defenderá un traballo tutelado (pequena investigación) aplicando os coñecementos da materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Destreza na selección e tratamento dos datos significativos para o deseño e posta en valor dos itinerarios turísticos, co uso de técnicas cualitativas e cualitativas; Presentación e defensa de traballos e/ou proxectos nun senso ambiental e sociocultural, valorando os usuarios do produto turístico.	30	A2 A3 A4 A5	B7 B8 B9 C9 C10 C15 D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia será avaliada por un sistema de avaliación continua, a partires das competencias adquiridas. A cualificación final será a suma dos diferentes elementos avaliados tendo en conta aspectos teóricos e prácticos (final numérica de 0 a 10 pola lexislación vixente). Casos particulares serán expostos o profesor/a da materia. Os alumnos que non sigan avaliación continua poderán presentarse aos exames finais fixados na programación de exames da Facultade, aténdose aos seguintes criterios: a) Proba escrita. Exame xeral de carácter teórico que suporá o 70% da calificación final. b) Realización dun traballo que suporá o 30% da calificación final. Segunda convocatoria: Avaliarase o alumno coa realización dun exame final de carácter teórico-práctico que suporá o 50% da cualificación final, aténdose aos mesmos criterios xa expostos para a primeira convocatoria. Conservaranse as cualificacións de traballo tutelado e outras actividades de avaliación continua que o alumno xa realizase. Naqueles casos que non se cumpra algún dos supostos mencionados anteriormente, o alumno deberá de compensalo mediante a realización dun traballo en relación co temario da materia.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2019-2020. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web de la FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Cànoves, G. et al, **Turismo de interior: renovarse o morir Estrategias y productos en Catalunya, Galicia y Murcia**, Universitat de València, Servei de Publicacions, 2014

Estro Montaña e de Lima e Costa, J. M., **Rutas del agua por la costa del Eixo Atlántico**, Nigra Trea, 2009

Fariña Tojo, J. e , Higuera, E., **Turismo y uso sostenible del territorio: el senderismo como posibilidad para los pequeños municipios**, Universidad Politécnica de Madrid, 1999

Fernández Zamora, A., **Turismo y patrimonio cultural**, Universidad de Jaén, 2006

García, J. e Vaquero, M. B. (dirs.), **Roteiros culturais por Ourense**, Inorde, 2001

Gómez Prieto, J e Quijano Díaz, C., **Rutas e itinerarios turísticos en España**, Síntesis, 1991

Morales Miranda, J., **Guía práctica para la interpretación del patrimonio: el arte de acercar el legado natural y cultural**, Junta de Andalucía, Consejería de Cultura: Tragsa, 2001

Querol, M. A., **Manual de gestión del patrimonio cultural**, Akal, 2010

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xeografía: O turismo no mundo actual/O04G240V01104

Recursos territoriais/O04G240V01304

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma FAITIC, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen: Actividades introdutorias, lección maxistral, estudo de casos, traballo tutelado, prácticas con apoio das TIC, eventos científicos e seminario.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): Despacho virtual (Campus Remoto, UVIGO).

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

As probas previstas como o seu peso na avaliación final manteranse para todo o alumnado. As únicas modificacións serán na utilización para a súa realización do Campus Remoto (UVIGO).

* Información adicional:

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2019-2020. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

A materia será avaliada por un sistema de avaliación continua, a partires das competencias adquiridas. A cualificación final será a suma dos diferentes elementos avaliados tendo en conta aspectos teóricos e prácticos (final numérica de 0 a 10 pola lexislación vixente). Casos particulares serán expostos o profesor/a da materia. Os alumnos que non sigan avaliación continua poderán presentarse aos exames finais fixados na programación de exames da Facultade, aténdose aos seguintes criterios: a) Proba escrita. Exame xeral de carácter teórico que suporá o 70% da calificación final. b) Realización dun traballo que suporá o 30% da calificación final. Segunda convocatoria: Avaliarase o alumno coa realización dun exame final de carácter teórico-práctico que suporá o 50% da cualificación final, aténdose aos mesmos criterios xa expostos para a primeira convocatoria. Conservaranse as cualificacións de traballo tutelado e outras actividades de avaliación continua que o alumno xa realizase. Naqueles casos que non se cumpra algún dos supostos mencionados anteriormente, o alumno deberá de compensalo mediante a realización dun traballo en relación co temario da materia.
